

# Dialéctica da improvisación

Obradoiro e grupo de lectura sobre a improvisación e a creación sonora contemporánea.

O Festival Fase de Música Improvisada e Baleiro organizamos este obradoiro dirixido a todas aquelas persoas que independentemente dos seus coñecementos musicais, estean interesadas en compartir experiencias creativas con nós.

Cada sesión estará estruturada en dúas partes. Na primeira, faremos unha aproximación a algúns dos autores e textos mais significativos da improvisación contemporánea (John Cage, Cornelius Cardew, Edwin Prévost). Proporemos a búsqueda desas ideas non relacionadas directamente coa música, imprescindibles para obter una visión ben ampla do que supón experimentar co son na contemporaneidade.

Na segunda, formaremos de xeito progresivo un colectivo de improvisadores mediante o traballo en grupo. Poderemos intercambiar técnicas de expresión sonora, experimentaremos cos métodos tradicionais de interpretación e procuraremos novos xeitos de utilizar un instrumento, incluso construíndo outros novos. Son suficientes as ferramentas que temos preto de nós a cotío para poder improvisar e aprender: obxectos sonoros caseiros, dispositivos electrónicos e software libre.

O obradoiro terá lugar quincenalmente en Baleiro (Facultade de Filoloxía da USC), onde contaremos cun equipo comunitario de amplificación e mezcla. Convidámosvos a achegar os vosos instrumentos, obxectos, micros, portátiles e calquera outro material que estimes oportuno empregar nas sesións. A inscrición no obradoiro é de balde. Tan só tedes que deixar unha dirección de correo-e no taboleiro da asociación ou escribir a:

[info@baleiro.org](mailto:info@baleiro.org)



## Coordinado por: Roberto Maillo e Miguel Prado

Improvisadores residentes en A Coruña. O seu traballo trata de abordar unha lectura crítica do contexto sociopolítico a través da música experimental e a improvisación. Coordinan o Festival Fase de Música Improvisada na Fundación Luis Seoane de A Coruña e organizan numerosos concertos por toda Galicia. Editan dende o seu selo discográfico *Taumaturgia*.



**BALEIRO**  
Canle de produción

# New York, Tokio, París.

Podemos comezar a rastrexar a actividade creativa de Murayama nos primeiros anos oitenta, no momento en que New York daba o pulso da improvisación contemporánea e os artistas comezaban a intoxicar a afilada modernidade do jazz dos setenta con música concreta, pop, no-wave, banda sonora, ruído e mesmo estruturas neoclásicas. O Lower Manhattan que mudaba de década foi o lugar dos sen-lugar, dos que rexeitaban acollerse ao estatus "artístico-alternativo" da escea do SoHo, dos que en palabras de Thurston Moore e Byron Coley quedarán atrapados na *"caixa de lixo do demo que era o New York (East Village) post-Suicide e pre-Sonic Youth."*, *"...era o desperdicio de Taxi Driver, Times Square, Son of Sam (David Richard Berkowitz, asesino en serie que aterrorizou á cidade de New York entre 1976 e 1977 e tema da película de 1999 dirixida por Spike Lee, Summer of Sam), os conflitos durante o apagón de 1977, a abundante corrupción política, o avance da pobreza, a desilusión do Verán do Amor, Charles Manson, o inferno da Guerra de Vietnam, e a desesperada necesidade de rebelarse violentamente contra a complacencia dunha nación zombi aturdida polas telecomedias (sitcoms) e a música disco."*

Foron músicos como Fred Firth, John Zorn, Arto Lindsay, Ikue Mori ou Keiji Haino -Fushitsusha, onde colaborou Murayama como percusionista a partir de 1982- os que respiraron este NY subterráneo e malsano que subvertiu unha vez mais o concepto de forma musical, e propiciou a colisión de xéneros e sonoridades sen ningún tipo de prexuízos. A este respecto, é de salientar cómo a incorporación e mestura de novos elementos no traballo destes músicos produciuse nunhas claves de extremismo e catarsis que se repiten ao longo das súas traxectorias. A fusión, entendida en termos estritamente musicais, deixou paso ao emprego convulso dos corpos sobre os materiais. Moitas das actitudes apropiacionistas dese momento contaron cun carácter explícito e violento que recuperaba a radicalización da improvisación, esa na que o xesto performático nunca é autocomplaciente e moito menos narrativo. Do mesmo xeito, os múltiples achegamentos a outros ámbitos creativos por parte desta xeración de renovadores nados na primeira metade dos cincuenta estiveron igualmente condicionados por ese carácter *underground*. Sen tomar prisioneiros, non dubidaron á hora de deconstruír a vangarda culta do S. XX (Arnold Schönberg, Anton Webern, Pierre Schaeffer, John Cage, Iannis Xenakis) con doses de punk e desarraigo. Noutro lado do Atlántico, mais fillos tamén bastardos dos medios de comunicacións de masas e da sociedade post-industrial (Psychic TV, Throbbing Gristle, The Ex ou Einstürzende Neubauten) coadxuvaban a acelerar un proceso de carácter ecléctico e global.

Tras volver dos EE.UU, Murayama formou en Tokio con KK Null (Kazuyuki Kishino) a banda Absolut Null Punkt. KK foi un dos persoeiros destacados da música experimental nipona daquel momento, e aínda que ben recoñecido como guitarrista improvisador, dende o comezo da súa carreira rexeitou cadrar en calquera etiqueta. Este afán por derrubar disciplinas a través da improvisación levoulle a estudar Butoh na Body Water Farm, a granxa comunitaria onde Min Tanaka ensinaba a "danza cara a oscuridade", e onde tamén coñeceu e colaborou con outro dos grandes nomes da experimentación nipona: Merzbow (Masami Akita). Cunha pulsión activista mais relacionada co hardcore non *straight-edge*, KK autoeditou a súa música e compilou materiais externos dende o seu propio selo, Nux Organization. Ao igual que Akita, a súa labor estendeuse mais aló do sonoro, editando libros e revistas sobre comportamentos de vangarda, performance, bondage ou veganismo, que prepararon o terreo para a explosión do underground nipón a comezos dos anos noventa. Tras a efervescencia do período anterior, a actividade de Murayama nesa década tan só deixou dúas referencias discográficas e algunha colaboración aislada. Pola contra, parece reaparecer con forza tras instalarse en París en 1999, onde ademais traballar en solitario volveu a colaborar cunha amplísima gama de artistas, entre eles os músicos Jean-Luc Guionnet (saxo alto), Jerome Noetinger (electroacústica), Eric LaCasa (artista sonoro), Eric Cordier (artista sonoro), o filósofo Jean-Luc Nancy ou a coreógrafa Catherine Diverres. Na década do 2000 foron abundantes as súas composicións para performances e obras teatrais, ademais dunha estreita colaboración co grupo de danza contemporánea de París. Veremos qué sucede en Santiago.